

## **BASES XERAIS OCIOLEIROS - XOVEOLEIROS 12**

1. **A finalidade deste programa é fundamentalmente lúdico, polo que todos os esforzos das persoas participantes deberán dirixirse á diversión e ao entretemento.**
2. Todas as persoas participantes teñen que **estar empadroadas no Concello de Oleiros.** Se non cumpren todos os requisitos (puntos 2, 3, 4, 5 e 6) **non poderán tomar** parte no programa.
3. Poderán participar en **OCIOLEIROS L** os rapaces e as rapazas entre 14 e 17 anos, empadroados/as en Oleiros. Poden cumprir os anos durante a realización da actividade.
4. Poderán participar en **OCIOLEIROS XL** os mozos e as mozas entre 18 e 35 anos, empadroados/as en Oleiros. Poden cumprir os anos durante a realización da actividade.
5. Poderán participar en **XOVEOLEIROS** os veciños e as veciñas entre 36 e 65 anos, empadroados/as en Oleiros. Poden cumprir os anos durante a realización da actividade.
6. É necesario cubrir a folla de preinscrición con todos os datos.  
Na actividade de bailes de salón, haberá que poñer tamén o nome da parella de baile.
7. As preinscricións terán lugar na Fábrica desde o **1 ao 22 de decembro, de luns a venres.**  
**HORARIO: de 9.00 a 14.00 horas**  
**de 18.00 a 20.30 horas**
8. Pregamos ler ben as bases e cubrir os datos solicitados.
9. **As persoas participantes só poderán inscribirse nunha actividade.**
10. Para as actividades nas que haxa máis persoas preinscritas que prazas, levarase a cabo un sorteo sacando unha letra para cada unha das actividades. En bailes de salón o sorteo será por parellas.  
**O día do sorteo será o 23 de decembro ás 12.00 horas na Fábrica.**
11. As listaxes de persoas admitidas publicaranse o día 29 de decembro indicando o prazo de pagamento para formalizar a inscrición. Non se considerarán inscritos/as mentres non se formalice o pagamento.
12. Nas actividades con prazas vacantes abrírase un **segundo prazo do 23 ao 27 de xaneiro** para que todas as persoas xa preinscritas poidan elixir outra actividade por orde de chegada. Neste segundo prazo non haberá sorteo.
13. Haberá un número mínimo de participantes para que se poidan levar a cabo os obradoiros, que se determinará con anterioridade.
14. Todas as persoas participantes de OCIOLEIROS e XOVEOLEIROS, que non teñan máis de tres faltas na actividade, entrarán nun sorteo dun premio.

15. Poderán non ser consideradas como faltas, aquelas ausencias por problemas de saúde, xustificadas cun certificado médico. **As faltas por motivos de traballo, non serán xustificables.**
16. A asistencia ao sorteo é obrigatoria para poder optar ao premio ou facer delegación con antelación e por rexistro.
17. As persoas participantes que na edición anterior (Ocioleiros - Xoveoleiros 11) resultasen premiadas non entrarán no sorteo nesta nova edición (Ocioleiros – Xoveoleiros 12).
18. No sorteo todas as persoas participantes, teñen a obriga de presentar o seu DNI á organización responsable da actividade, co obxecto de comprobar a súa identidade.
19. Tanto a localización das instalacións como os horarios serán expostos no taboleiro da Fábrica ou poderase consultar.
20. A organización do Concello de Oleiros estará presente en cada unha das sedes, onde se rexistrarán as incidencias e se tomará nota das faltas.
21. A organización do Concello de Oleiros formará unha comisión supervisora onde se analizarán todas as cuestións ou incidencias que afecten ao normal desenvolvemento das actividades e que o/a responsable de cada sede considere oportuno tratar.
22. Esta comisión resérvase o dereito de tomar as medidas que considere oportunas para manter o bo funcionamento do programa.
23. OCIOLEIROS – XOVEOLEIROS comezará o día **23 de xaneiro e rematará o 27 de maio.** Non haberá actividade nas seguintes datas: **do 20 ao 26 de febreiro, entroido, do 2 ao 8 abril, Semana Santa o 1 de maio e o 17 de maio, Día das Letras Galegas.**
24. A interpretación das presentes bases deberá facerse atendendo ao **principio de boa fe.**

*INFORMACIÓN E INSCRICIÓNS NA FÁBRICA*

*NA PÁXINA WEB SÓ INFORMACIÓN*

*Tel.: 981 636 598*